



FUNDACIÓN XOSÉ NEIRA VILAS



Premio Arume de Poesía para a Infancia



A Fundación Xosé Neira Vilas xunto con GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil) e co patrocinio de Deleite, convocan o Premio Arume de Poesía para a Infancia co obxectivo de recoñecer a calidade literaria de textos poéticos creados para nenos e nenas e fomentar a lectura de poesía entre este lectorado.

BASES:

- Ao premio, poderán concorrer todos aqueles autores e autoras, maiores de idade, de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega. Os textos presentados han de ser inéditos e totalmente orixinais. As obras, cuxa temática será libre e acaída para o público infantil e/ou xuvenil, terán unha extensión mínima de 350 versos e poderán conformar un só poema ou un grupo de poemas.
- Os textos presentaranse en formato A4, fonte Times New Roman, tamaño de letra 12 (ou similar) e interliñado 1,5 liñas.
- Os orixinais poderán facerse chegar a través dunha destas presentacións:
 - Formato papel: de cada orixinal presentaranse dúas copias en papel debidamente encadernadas, cosidas, numeradas ou grampadas.
 - Formato dixital: de cada orixinal presentarse un CD cun documento en formato PDF.

- Os orixinais deberán presentarse baixo lema, sen ningún tipo de dato que identifique a autoría. A maiores do texto, achegarase, en sobre pechado, o nome completo, enderezo, enderezo electrónico e teléfono do autor/a, unha fotocopia do DNI e breve recensión bio-bibliográfica, así como o título da obra.
- Non poderán presentarse os gañadores das tres convocatorias anteriores.
- O premio contará cunha dotación económica de 1.000 € e será publicado por Edicións Embora.
- Os orixinais serán enviados nun sobre pechado, no que se indique, "PREMIO ARUME DE POESÍA PARA A INFANCIA", ao seguinte enderezo: Fundación Xosé Neira Vilas, Gres, nº 9, 36587 Vila de Cruces (Pontevedra)
- O prazo de admisión de orixinais remata o 3 de novembro de 2022, Día de Neira Vilas e Día do Lector e a Lectora, admitíndose os orixinais que foran entregados nas oficinas de Correos ese mesmo día.
- O xurado estará composto polas persoas que representen a presidencia (ou persoa, para o efecto, en quen deleguen) da Fundación Xosé Neira Vilas e GÁLIX e tres especialistas en literatura infantil. Cada ano presidirá o xurado unha das persoas representantes das institucións e o outro ou outra actuará como secretario/a.
- O premio poderá ser declarado deserto, no caso de que o xurado así o considere, e a decisión deste será inapelable.
- A entrega do premio terá lugar o 17 de decembro de 2022, Día da Edición.
- A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación destas bases.

